

# **Instrución V/2005 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela complementaria da resolución reitoral e da instrución da xerencia, ambas do día 7 de marzo do 2005 polas que se establecen o réxime de prestación do persoal da USC con ocasión da cesión de espazos**

O Consello Social da USC na súa sesión de 29 de decembro de 2004 aprobou o orzamento da universidade e o anexo de tarifas por servizos universitarios no que se inclúen as tarifas a aplicar no suposto de participación de persoal da universidade con ocasión da cesión de espazos.

Con posterioridade ditáronse a resolución e a instrución que establecen e desenvolven o procedemento, nelas se establecen dous tipos de xornada, completa ou media, sen terse en conta prestacións parciais inferiores a media xornada.

A aplicación do procedemento pon de manifesto a necesidade de establecer a tarifa pola prestación de servizo por tempo inferior a media xornada, polo que:

Procede establecer a tarifa a aplicar pola prestación de servizo por hora conforme o cadro seguinte, en todo caso engadiráselle o custo de seguridade social establecido na antes citada resolución.

## **Retribucións do persoal da USC**

<b>Retribución</b>	<b>Importe</b>	<b>Importe hora</b>
Retribución xornada completa Grupo III e Grupo C	90,00 €	12,86 €
Retribución xornada completa Grupo IV1 e IV2 e Grupo D	75,00 €	10,70 €

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2005  
O Xerente en funcións  
Xosé Manuel Villanueva Prieto